

La economía gallega de 1965 a 1985

M^a del Carmen Guisán Seljas
Catedrática de Econometría
Universidad de Santiago

En este artículo se exponen algunas de las principales características de la economía gallega relativas a la evolución experimentada a partir de 1965 en la producción, productividad, rentabilidad y empleo de los distintos sectores económicos, así como una comparación de los rasgos más destacados de nuestra economía con los de España y la CEE.

Para la realización de este artículo se ha requerido de un gran trabajo previo consistente en la elaboración de un banco de datos de la economía gallega. Dicha tarea ha sido realizada por los investigadores del Centro Gallego de Predicción Económica, adscrito a la Cátedra de Econometría de la Universidad de Santiago.

En las distintas secciones se analiza la evolución de las principales magnitudes económicas de Galicia, producción real, productividad, rentabilidad y empleo y una comparación con las de la CEE. Este análisis se completa con unas tablas, para cada sector, en las que se presenta la producción real (valor añadido a precios de 1980), la renta real (poder adquisitivo de la renta generada en cada sector, a precios de 1980), la productividad, la rentabilidad media y el empleo.

De la evolución de las variables del *sector primario* el cual incluye agricultura, ganadería, silvicultura y pesca, puede deducirse que:

— La producción real de este sector aumentó en un 53%.

— La renta real generada disminuyó en un 20%.

— El empleo agrario sufrió un importante descenso.

Este resultado se debe al hecho de que los precios agrarios han evolucionado de forma más moderada que el índice de precios al consumo. Este abaratamiento relativo se ha constatado también en España y en la mayoría de los países industrializados, ocasionando la lógica emigración del campo hacia actividades no agrarias.

A pesar del importante descenso del empleo agrario, éste sigue siendo muy elevado en Galicia en comparación con España y la CEE, mientras que la rentabilidad media de la agricultura gallega es muy baja.

Aún cuando se efectúen importantes mejoras en el campo gallego no es previsible que el incremento de la renta real produzca un incremento de la rentabilidad real media, y por tanto del poder adquisitivo de las familias gallegas que dedican su actividad en este sector,

A economía galega de 1965 a 1985

M^a del Carmen Guisán Seljas
Catedrática de Econometría
Universidade de Santiago

1. Introducción

Neste artigo expóñense algunhas das principais características da economía galega, relativas á evolución experimentada dende 1965 na produción, produtividade, rendabilidade e emprego dos distintos sectores económicos.

Tamén se efectúa unha comparación dos rasgos máis sobresaintes da nosa economía cos correspondentes a España e a CEE.

A realización deste artigo requeriu un traballo previo de grande magnitude consistente na elaboración dun banco de datos da economía galega. Esa tarefa levouse a cabo o longo dos dous últimos anos polos investigadores do Centro Galego de Predicción Económica, adscrito á Cátedra de Econometría da Universidade de Santiago, e permite dispoñer na actualidade de numerosos datos relativos á evolución real de 17 sectores da economía galega nos últimos vintecinco anos.

As fontes de información estadística empregadas foron básicamente datos do Instituto Nacional de Estadística (Enquisa de Poboación Activa, Contabilidade Rexional, Contabilidade Nacional de España, etc.), así como datos do Banco de Bilbao (Renda Nacional de España e a súa distribución provincial), Ceprede e Grupo Hispalink (banco de datos rexionais do equipo interuniversitario de investigación económica Hispalink). Tamén se utilizaron numerosos datos do sector da construción obtidos de Seopan e doutras fontes estadísticas.

Diversos cambios metodolóxicos efectuados polo Instituto Nacional de Estadística, especialmente no que respecta ás modificacións experimentadas pola Contabilidade Nacional base 1980 en relación coa Contabilidade Nacional base 1970, e tamén na elaboración da Enquisa de Poboación Activa (EPA), dificultaron de maneira extraordinaria a obtención de series homoxéneas que permitan analizar a evolución das distintas variables a traveso do tempo, mais o esforzo realizado permiten acadar unha homoxeneidade suficiente para que ditas comparacións poidan ser realizadas si ben no caso do sector construción as estimacións do valor engadido real teñen un carácter provisional, xa que aínda non logramos un índice definitivo dos precios deste sector.

Algúns dos datos que aquí se expoñen son unha síntese dun estudio máis detallado de próxima publicación. O emprego en Galicia, C. Guisán, Secretariado de Publicacións da Universidade de Santiago, 1989).

Nas próximas seccións analizaremos a evolución da produción real, a produtividade, a rendabilidade por traballador e o emprego en catro sectores da economía galega.

Na sección 6 faremos referencia ó paro e á evolución do emprego nas catro provincias galegas no período 1964-86, mentras que na sección 7 efectuaremos unha comparación das principais magnitudes económicas de Galicia coas da CEE. Finalmente na sección 8 preséntanse as conclusións.

a menos que se incremente de forma importante el empleo no agrario.

Durante el periodo en estudio, *la actividad industrial* aumentó de manera muy importante, destacando el incremento producido en 1965-75 del 140%, siendo menor en el resto de los años. Este menor ritmo de crecimiento, junto con la mayor tasa anual de la productividad explican el descenso del empleo industrial, llegándose a alcanzar en 1985 un nivel similar al de 1975.

Asimismo, si comparamos estos resultados con los de los países de la CEE, resulta que el nivel de actividad industrial en Galicia es muy bajo, de ahí la importancia de aumentar el grado de industrialización, no sólo por el empleo directo que crea, sino también porque el incremento de renta estimula el empleo en el sector servicios y en la construcción.

La evolución de la construcción es muy sensible a los movimientos migratorios campo-ciudad y a la relación existente entre el coste de la vivienda y la renta de las familias. Por tanto, se verá favorecida por el incremento de la actividad de los sectores industrial y de servicios, así como por una política de viviendas tendente a reducir la relación entre el coste de la vivienda y la renta de las familias.

En los servicios se engloban numerosas actividades como: transportes, comercio, hostelería, enseñanza, sanidad, banca. A pesar de la crisis económica este sector es el único que ha mantenido una tendencia creciente del empleo y la producción durante todo el periodo 65-85, siendo el ritmo de crecimiento menor a partir de 1975.

Por consiguiente, este sector presenta grandes posibilidades de creación de empleo dependiendo en gran medida del incremento de la actividad industrial. Asimismo es importante que se produzca una política de empleo más dinámica por parte de la Admón. Pública.

El aumento del *paro* desde 1977 se debe fundamentalmente a: a) El incremento de la población activa no agraria, provocado por la reducción de la emigración y del empleo agrario. b) La reducción del empleo no agrario provocado por una tasa de crecimiento de la producción industrial inferior a la tasa de la productividad, la reducción de la actividad de la construcción y la disminución en el ritmo de crecimiento del sector servicios.

Comparación Galicia, España, CEE

—En todos los sectores, excepto en la agricultura, la tasa de empleo en Galicia es inferior a la de la CEE.

—La tasa de empleo en Galicia es algo inferior a la de España en todos los sectores no agrarios, con la excepción de la construcción.

—La elevada tasa de empleo agrario de la economía gallega se debe a una menor modernización de las explotaciones en relación

As táboas que se inclúen para cada sector nas próximas seccións presentan a produción real (valor engadido a precios de 1980), a renda real (poder adquisitivo da renda xerada en cada sector, tamén a precios de 1980), a produtividade, a rentabilidade media e o emprego.

O valor engadido a precios corrientes de cada sector (ou diferencia entre o valor das vendas e o valor dos inputs intermedios utilizados no proceso productivo) dividíronse polo índice de precios correspondentes á produción de cada sector, co obxecto de obter o valor da produción real.

A renda real calculouse dividindo o valor engadido a precios corrientes polo índice de precios ó consumo.

A produtividade foi obtida por cociente entre a produción real e o número de traballadores, e a rentabilidade mediante o cociente entre a renda real e o número de traballadores.

2. Agricultura

A táboa 1 presenta a evolución das variables do sector agrario, o cal inclúe as actividades de agricultura, gandería, silvicultura e pesca.

Da mencionada táboa dedúcese que a produción real da agricultura incrementouse nun 16,66% no periodo 1965-75, e nun 31,48% no periodo 1975-85 pasando de 84.897 millóns de Pts. de 1980 no ano 1965 a 130.217 millóns de Pts. de 1980 no ano 1985.

A pesar deste importante crecemento da produción, a renda real global da agricultura galega decreceu nun 2,36% durante o periodo 1965-75 e nun 17,73% durante o periodo 1975-85.

No conxunto de todo o periodo a produción real deste sector aumentou un 53%, pero o poder adquisitivo da renda xerada diminuíu nun 20%. Este resultado débese ó feito de que os precios agrarios evolucionaron de forma moito máis suave que o índice de precios ó consumo xa que no periodo 1965-85 os precios multiplicáronse por 5 e o índice xeral de precios ó consumo multiplicouse case por 10.

A tendencia ó abaratamento, relativo dos precios agrícolas é un feito constatado non só en España senon tamén na maioría dos países industrializados o que ocasiona a lóxica emigración de traballadores do campo cara a actividades non agrarias, co obxecto de aumentar, ou alomenos manter, a rentabilidade media por persoa ocupada, a cal no periodo 1975-85 só se incrementou, en termos reais, nun 4,9%.

O emprego agrario pasou de 784.155 persoas en 1975 a 485.875 persoas en 1985. A pesar deste importante descenso o emprego agrario sigue sendo moi elevado en Galicia en comparación con España e a CEE, mentras que a rentabilidade media por persoa ocupada da agricultura galega é moi baixa, como veremos na sección 7.

Aínda que se realicen importantes melloras no campo galego, non é previsible que o incremento da renda real produza un aumento importante da rentabilidade real media, e polo tanto do poder adquisitivo das familias galegas que adican a súa actividade a este sector, a menos que se incremente de forma importante o emprego non agrario. Un incremento importante do emprego non agrario favorecerá o proceso de modernización das explotacións agrarias permitindo unha redución do emprego agrario e un incremento da produtividade e rentabilidade medias, sen provocar un aumento do paro.

con la CEE y a la existencia de gran número de trabajadores familiares no remunerados que realizan una actividad parcial en este sector.

—El menor valor del PIB por habitante en Galicia se debe a un valor más bajo de la productividad agraria y de la tasa de empleo no agrario en relación con el empleo total y no a una baja productividad no agraria, ya que esta es similar a la de la CEE.

—El déficit de empleos no agrarios es la causa de las diferencias de PIB y renta familiar por habitante de Galicia y la CEE.

Conclusiones

Del análisis de los datos anteriores, podemos destacar algunas de las principales conclusiones, que son:

1) El campo gallego tiene una productividad y una rentabilidad por persona ocupada muy baja en relación con España y la CEE.

2) El número de empleos no agrarios por cada mil habitantes es muy bajo en Galicia en comparación con la CEE.

3) La productividad no agraria de Galicia es muy similar a la de la CEE, de forma que las diferencias existentes en renta per cápita se deben a nuestro menor nivel de producción industrial y de servicios, y no a nuestra menor productividad no agraria.

4) Es muy importante para Galicia el planteamiento y desarrollo de una política de industrialización adecuada y un impulso al crecimiento del empleo del sector servicios.

3. Industria

A táboa 2 presenta a evolución das variables relativas ó sector industrial.

A actividade industrial aumentou de forma moi importante no período 1965-75, incrementándose a produción nun 140%, e experimentou un incremento menor, pero tamén importante no período 1975-85, cun incremento do 48%.

O menor ritmo de crecemento do segundo período, xunto co crecemento da produtividade explican o descenso experimentado polo emprego industrial nos últimos anos.

Para que se incremente o emprego industrial é necesario que a taxa de crecemento da produción sexa superior á da produtividade. No período 1965-75 a taxa anual de crecemento da produción real foi 9,14%, mentras que a produtividade acrecentouse a un ritmo menor, cunha taxa do 7,63%, o que deu lugar a un incremento do emprego. No período 1975-85, en cambio, a produción medrou a un ritmo inferior ó da produtividade, xa que a taxa de crecemento anual foi do 4,03% para a produción real e do 5,64% para a produtividade, en consecuencia o emprego industrial diminuíu durante este período ata acadar un nivel similar algo máis baixo, ó do ano 1965.

Como veremos na sección 7, Galicia ten un nivel de actividade industrial moi baixo en comparación cos países da CEE, e resulta de gran importancia incrementa-lo grao de industrialización, non só polo emprego directo que crea, se non tamén porque o aumento de renda que provoca estimula a creación de emprego nos sectores da construción e servicios.

4. Construcción

Como xa indicamos na sección 1, os datos relativos a este sector presentan numerosos problemas xa que existen moitas contradicións entre distintas fontes de datos, problema particularmente importante no que respecta á obtención dun índice de precios fiable que recolla a evolución cos precios deste sector experimentaron no período 1965-85.

A táboa 3 amosa estimacións provisionais da evolución da produción real deste sector. Según estas estimacións a produción aumentou de 1965 a 1975, diminuíndo en 1985 con relación a 1975. A istos datos hai que engadir que no período 1975-85 poden distinguirse dúas tendencias de signo contrario: unha tendencia crecente na primeira metade deste período (acadando este sector o seu máximo nivel de actividade en 1980), e unha tendencia claramente decrecente na segunda metade.

A evolución deste sector é moi sensible ós movementos migratorios campo-cidade, os cales víronse freados nos últimos anos debido á evolución negativa do emprego non agrario, e tamén é moi sensible á relación existente entre o coste da vivenda e a renda das familias. Esa relación empeorou de maneira importante a partir de 1980, xa que o custo da vivenda experimentou un incremento moi superior ó da renda das familias.

A evolución deste sector verase favorecida tanto polo incremento da actividade dos sectores industria e servicios, debido ó incremento dos movementos campo-cidade que se orixinan ante un incremento do em-

The economy of Galicia from 1965 1985

M^a del Carmen Gulsán Seijas

Professor of Econometrics
University of Santiago

This article expresses some of the main characteristics of the economy of Galicia relative to the evolution which has taken place from 1965 in production, productivity, profitability and employment in the various economic areas, as well as a comparison of the most outstanding aspects of our economy with those of Spain and the EEC.

It has been necessary to carry out a great deal of ground work for this article, consisting in the compiling of a data bank of the economy of Galicia. This task was undertaken by researchers from the «Centro Gallego de Predicción Económica», Department of Econometrics, University of Santiago.

In the various sections, we have analysed the trends of the main economic magnitudes of Galicia, true production, productivity, profitability and employment, comparing these with those of the EEC. This analysis will be accompanied by tables for each sector, showing real production (added value at 1980 prices), real income (purchasing power of generated income in each sector, at 1980 prices), productivity, average profitability and employment.

About the evolution of variables in the primary sector which include: agriculture, cattle farming, forestry and fishing.

We can deduce from this that:

*real production in this sector increased by 53%

*generated income was reduced by 20%

*employment in agriculture decreased substantially.

These results are due to the fact that prices in agriculture have developed more moderately than the consumer price index. This relative fall in price has also been noticeable in Spain and in the majority of industrialised countries, resulting in the logical emigration from rural to non-rural activities.

Notwithstanding this major decrease in agricultural employment, this activity still remains high in Galicia by comparison with the rest of Spain and the EEC, while the average profitability of Galicia's agriculture is very low.

Even though major improvements are being carried out in Galicia's rural areas, it is not foreseeable that an increase in real income would produce an increase in the real average profitability, therefore not increasing the purchasing power of Galicia's country workers, unless non-agricultural employment should increase substantially.

prego non agrario, como por unha política de vivenda tendente a diminuí-la relación entre o custo da vivenda e a renda das familias.

5. Sector servicios

A táboa 4 representa a evolución das variables correspondentes a este sector, o cal engloba numerosas actividades (transportes e comunicacións, comercio, hostelería, banca, ensino, sanidade, servicios xerais da Administración, etc.).

A pesar da crise económica este sector é o único que mantivo unha tendencia crecente na creación de emprego dende 1965 ata 1985.

O ritmo de crecemento, tanto da produción real coma do emprego, foi nembargantes menor a partir de 1975.

No período 1965-75 a produción medrou cunha taxa anual do 6,45%, mentras que no período 1975-85 fixoo cunha taxa do 3,92%.

O emprego incrementouse en 59.632 persoas no primeiro período e en 39.143 no segundo.

Este sector é o que presenta maiores posibilidades para o incremento do emprego e a súa evolución favorable depende en gran medida do incremento da actividade industrial, xa que o incremento das rendas xeneradas na industria provoca un incremento da demanda de servicios por parte das empresas e as familias.

Doutra parte é importante que se produza unha política de emprego máis dinámica por parte da Administración Pública, xa que a taxa de emprego nos servicios públicos en relación coa poboación é moi baixa en Galicia en comparación coa CEE, como veremos máis adiante.

6. Empleo e paro nas provincias galegas

A táboa 5 presenta datos relativos ó emprego agrario, emprego non agrario, paro e poboación activa non agraria nas catro provincias galegas, mentras que o gráfico 1 amosa a evolución experimentada pola taxa de emprego non agrario (empregos non agrarios por cada mil habitantes).

Anque poida resultar paradóxico, a taxa de paro non agrario é máis elevada nas provincias que teñen maior taxa de emprego, xa que os movementos migratorios se producen fundamentalmente dende as provincias con menos empregos non agrarios cara ás que teñen maior número de ditos empregos en relación coa poboación. Como consecuencia disto o paro maniféstase en maior medida nas provincias da Coruña e Pontevedra.

Son nembargante as provincias de Lugo e Ourense as que presentan unha situación máis deficitaria de emprego non agrario en relación coa poboación.

Por outra parte o gráfico 2 mostra a evolución da poboación activa non agraria (miles de persoas que traballan ou buscan traballo fóra da agricultura) e do emprego non agrario no conxunto das catro provincias. A distancia vertical entre ámbalas variables miden a magnitude do paro, e como pode comprobarse no gráfico dita distancia seguiu un proceso crecente dende 1977, xa que o paro pasou de 24.200 persoas en dito ano a 155.575 en 1986, dacordo cos datos da Enquisa de Poboación Activa.

Dado que a práctica totalidade dos parados buscan emprego fóra

Over the period in question, *industrial activity* notably grew, the most outstanding increase being that between 1965 and 1975 (140%), this percentage being lower in the remaining years. This lesser growth rate, together with a higher annual productivity rate, explains the drop in industrial employment, reaching in 1985 a similar level to that of 1975.

Also, if we compare these results with those of EEC countries, we can see that the level of industrial activity in Galicia is very low; hence the importance of increasing the level of industrialisation, not only because of the number of direct jobs this would create, but also because the increase in income stimulates employment in the services and building sectors.

The trends in the building sector are sensitive to migratory movements from rural areas to the city and to the relationship between housing costs and family income. Therefore, evolution would be favoured by an increase in the industrial and services sectors as well as by a housing policy which would tend to reduce the relationship between housing costs and family income.

The services sector is comprised of numerous activities, such as: transport, commerce, hotels and restaurants, teaching, health services, finance,...

Notwithstanding the economic crisis in this sector, it is still the only one which has maintained a growing tendency towards employment and production over the period 1965-85, the growth rate dropping from 1975 on.

Therefore, this sector shows enormous potential for job creation, greatly depending on the increase in industrial activity. Also it is important that a more dynamic employment policy be adopted by the Government.

The increase in *unemployment* since 1977 is due basically to: a) the increase in the non-agricultural labour force, caused by the drop in emigration and in agricultural employment. b) The drop in non-agricultural employment caused by an industrial production growth-rate less than the production rate, the recession in the building industry and the reduction in the growth-rate of the services sector.

Comparison Galicia, Spain, EEC

We can deduce:

*In all sectors except in agriculture, the employment level in Galicia is lower than that of the EEC.

*The employment level in Galicia is somewhat lower than that of Spain in all non-agricultural sectors, and with the exception of the building industry.

*The high employment level in agriculture in Galicia's economy is due to a lesser modernisation of the farm holdings with respect to

da agricultura o paro total e o paro non agrario son case idénticos.

O incremento do paro acaecido dende 1977 débese fundamentalmente ás seguintes circunstancias: a) O incremento da poboación activa non agraria, provocado pola redución das posibilidades de emigración a Europa e pola redución do emprego agrario. b) A redución do emprego non agrario provocada por unha taxa de crecemento da produción industrial inferior á taxa de crecemento da produtividade, o encarecemento, e consiguiente redución de actividade do sector construción, e a diminución no ritmo de crecemento do sector servicios provocada polo escaso incremento experimentado dende 1977 na renda familiar real.

7. Comparación Galicia, España, CEE

A táboa 6 presenta unha comparación do número de empregos por cada mil habitantes en varios sectores productivos, referida ó ano 1984, entre Galicia, España e a CEE (incluíndo nos países da Comunidade Económica Europea só os dez que en dito ano formaban parte da Comunidade).

En tódolos sectores, excepto o de agricultura, a taxa de Galicia é inferior á da CEE, e en tódolos sectores non agrarios, coa excepción da construción a taxa de Galicia é algo inferior á de España.

Para chegarmos ós niveis de emprego non agrario da CEE necesitamos duplicar a actividade industrial e o emprego nos servicios non destinados á venda (servicios públicos de educación, sanidade, xusticia, etc.). O déficit de emprego nos servicios públicos non é igual en todos eles xa que algúns están correctamente atendidos mentras que outros teñen unha notoria falta de persoal.

Tamén é necesario case duplicar o emprego nos servicios destinados á venda. Este incremento verase favorecido si aumenta a actividade económica dos demais sectores e se os impostos e cotizacións ligados ó emprego (especialmente as cotizacións á seguridade social) diminúen en términos reais.

A elevada taxa de emprego agrario da economía galega débese a unha menor modernización de moitas das nosas explotacións en relación coa CEE e a existencia en Galicia dun gran número de traballadores familiares non remunerados que realizan unha actividade parcial no sector. Esta elevada taxa de emprego ten como contrapartida negativa unha baixa produtividade por persoa ocupada e un baixo nivel de renda familiar real en moitas familias que dedican a súa actividade a este sector.

A táboa 7 mostra unha comparación da renda familiar por habitante, a produtividade agraria e non agraria e o Produto Interior Bruto por habitante de Galicia, España e a CEE.

A renda por habitante depende fundamentalmente do PIB por habitante, e para incrementala en términos reais é preciso que aumente o PIB real por habitante.

O PIB por habitante pode expresarse mediante a seguinte fórmula:

$$(1) \text{ PIB/POB} = (\text{PIB/L}) \cdot (\text{L/POB})$$

sendo PIB o Produto Interior Bruto, POB a poboación e L o emprego.

the EEC and to the high number of non-salaried family workers on a part-time basis in this sector.

*The lower value of the GDP per inhabitant in Galicia is due to the lower value of agricultural productivity and to the non-agricultural employment level with respect to total employment; not to low productivity in the nonagricultural sector, as this is similar to that of the EEC.

*The deficit in non-agricultural employment is the reason for differences between the GDP and family income per inhabitant in Galicia and the EEC.

Conclusions

By analysing the afore-mentioned data, we can pin-point some of the main conclusions, which are:

1. Productivity and profitability of Galicia's farmland per employed person is low in comparison with Spain and the EEC.

2. The number of non-agricultural jobs per one thousand inhabitants in Galicia is very low in comparison with the EEC.

3. Non-agricultural productivity in Galicia is very similar to that of the EEC, meaning that the differences in income per capita are due to our lower level of industrial production and services, and not our lower level of non-agricultural productivity.

4. The drawing-up and development of an adequate industrial policy together with an impulse in employment growth in the services sector are both very important for Galicia.

O primeiro factor do lado dereito da relación anterior pode a súa vez expresarse mediante:

$$(2) \text{ PIB/L} = (\text{PIBA/LA}) + (\text{LA/L}) + (\text{PIBNA/LNA}) + (\text{LNA/L})$$

sendo PIBA y LA, respectivamente, o PIB e o emprego agrarios, mentras que PIBNA e LNA son PIB e o emprego non agrarios.

O menor valor do PIB por habitante de Galicia en relación coa CEE débese a un valor máis baixo de dúas das variables que interveñen na fórmula (2): A produtividade agraria (PIBA/LA) e a taxa de emprego non agrario en relación co emprego total (LNA/L).

En contra do que moitas veces se pensa, o baixo valor do PIB por habitante non se debe a que as nosas industrias teñan unha produtividade moi inferior á da CEE, xa que a produtividade non agraria é moi similar en Galicia, España e a CEE.

Polo tanto o déficit de empregos non agrarios é a causa principal das diferencias do PIB e renda familiar por habitante de Galicia e a CEE, xa que a causa dese déficit moitos traballadores que desearían abandonar a actividade agraria non poden facelo e o gran número de persoas empregadas na agricultura, xunto coas dificultades existentes para incrementar de forma importante a produción real do sector, contribue a manter unha baixa produtividade agraria.

Os datos da táboa 7 están expresados en dólares de 1984 dacordo coas paridades de poder de compra estimadas pola CEE. Se houbésemos utilizado tipos de cambio en vez de paridades para expresar todos os datos nunha moneda común, as diferencias de produtividade e renda entre Galicia e a CEE serían algo maiores. Dado que en dito ano os tipos de cambio víronse afectados por varios factores alleos ó poder de compra, parece preferible efectuar a comparación co criterio seguido, baseado nas paridades do poder de compra.

8. Conclusións

Algunhas das principais conclusións que poden derivarse da análise dos datos anteriores son as seguintes:

1) O campo galego ten unha produtividade e unha rendabilidade por persoa ocupada moi baixa en relación con España e a CEE, a cal débese en gran parte ó déficit de empregos non agrarios o que converte ó campo galego na única saída para moitos traballadores abocados ó paro.

Para aumentar o nivel de vida das familias que se dedican á agricultura é necesario que se incremente o número de empregos non agrarios, de forma que diminúa o emprego agrario e se vexa favorecido o proceso de modernización das explotacións tendente a lograr cotas máis altas de produtividade.

2) O número de empregos non agrarios por cada mil habitantes é moi baixo en Galicia en comparación coa CEE, xa que en 1984 dito número en Galicia era de 205 mentras que na CEE era igual a 365.

Para chegarnos ós niveis de emprego non agrario (e, en consecuencia, ós niveis de renda familiar por habitante) da CEE é necesario case duplicar o emprego nos sectores de industria e servicios.

3) A produtividade non agraria de Galicia é moi similar á da CEE, de forma que as diferencias existentes en renda per cápita non se deben

á nosa menor produtividade non agrario senon ó noso menor nivel de produción industrial e de servicios.

O menor nivel de actividade tradúcese nun menor número de empregos non agrarios por cada mil habitantes, o que ocasiona un paro elevado e unha renda por habitante menor que na CEE.

4) É moi importante para Galicia o plantexamento e desenvolvemento dunha política de industrialización adecuada e un impulso ó crecemento do emprego do sector servicios (tanto no sector público como no sector privado).

Anque se trata dunha tarefa chea de dificultades é posible acadar logros importantes neste sentido, si os escasos recursos dispoñibles se utilizan con acerto e en base a estudos rigurosos de viabilidade.

TÁBOA 1
Sector agrario

| | 1965 | 1975 | 1985 |
|----------------------|---------|---------|---------|
| Producción real | 84.897 | 99.040 | 130.213 |
| Renda real | 138.433 | 135.165 | 111.202 |
| Emprego | 784 | 607 | 475 |
| Productividade media | 108 | 163 | 274 |
| Rendabilidade media | 167 | 223 | 234 |

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos estadísticos indicados na sección 1.

Os datos de produción real e renda real están medidos en millóns de pesetas de 1980, os datos de emprego en miles de persoas e os datos de productividade e rendabilidade medias en miles de pts. de 1980 por persoa ocupada.

TÁBOA 2
Sector industrial

| | 1965 | 1975 | 1985 |
|----------------------|---------|---------|---------|
| Producción real | 73.452 | 176.164 | 261.589 |
| Renda real | 100.738 | 192.117 | 259.410 |
| Emprego | 161 | 186 | 159 |
| Productividade media | 455 | 949 | 1.643 |
| Rendabilidade media | 624 | 1.035 | 1.629 |

Fonte de datos e unidades de medida según se indica ó pé da táboa 1.

TÁBOA 3
Sector construción

| | 1965 | 1975 | 1985 |
|----------------------|--------|--------|--------|
| Producción real | 52.012 | 70.457 | 62.563 |
| Renda real | 29.765 | 56.876 | 58.996 |
| Emprego | 60 | 86 | 69 |
| Productividade media | 866 | 819 | 908 |
| Rendabilidade media | 496 | 661 | 856 |

Fonte de datos e unidades de medida según se indica ó pé da táboa 1. Os datos de produción real deste sector nos anos 1965 e 1975 son estimacións provisionais e poden estar algo infravalorados.

TÁBOA 4
Sector servicios

| | 1965 | 1975 | 1985 |
|----------------------|---------|---------|---------|
| Producción real | 202.694 | 378.611 | 556.043 |
| Renda real | 154.539 | 355.864 | 554.073 |
| Emprego | 236 | 295 | 334 |
| Productividade media | 861 | 1.283 | 1.663 |
| Rendabilidade media | 656 | 1.206 | 1.657 |

Fonte de datos e unidades de medida según se indica ó pé da táboa 1.

TÁBOA 5

Emprego e paro provincial en 1986
(número de persoas)

| Provincia | Emprego agrario | Emprego non agrario | Paro | Poboación act. no ag. | (5) | (6) |
|------------|-----------------|---------------------|--------|-----------------------|-------|-----|
| A Coruña | 142.700 | 236.925 | 65.350 | 302.275 | 21,62 | 212 |
| Lugo | 96.150 | 69.575 | 13.675 | 83.250 | 16,43 | 168 |
| Ourense | 82.025 | 78.425 | 15.025 | 93.450 | 16,08 | 179 |
| Pontevedra | 108.100 | 193.225 | 63.500 | 256.725 | 24,73 | 214 |

Fonte: Elaboración propia a partir da EPA e Anuario Estadístico.

(5): Tasa de paro non agrario, o porcentaxe de parados respecto á poboación activa non agraria.

(6): Número de empregos non agrarios por cada mil habitantes.

TÁBOA 6

Tasas de emprego en Galicia, España e CEE

| Empregos por mil habitantes | Galicia | España | CEE |
|----------------------------------|---------|--------|-----|
| Agricultura | 176 | 49 | 29 |
| Industria | 59 | 66 | 105 |
| Construcción | 26 | 21 | 29 |
| Servicios destinados á venda | 88 | 116 | 159 |
| Servicios non destinados á venda | 32 | 35 | 72 |
| Total non agrarios | 205 | 238 | 365 |
| Emprego total | 381 | 287 | 394 |

Fonte: Elaboración propia, según se indica no libro citado (Guisán, C. 1988. O emprego en Galicia).

Nota: Os servicios non destinados á venda son os servicios proporcionados pola Administración Pública, e os destinados á venda tódolos demais servicios proporcionados por empresas privadas e públicas. Os datos refírense ó ano 1984.

TÁBOA 7

Renda per cápita e produtividade

| | Galicia | España | CEE |
|----------------------------|---------|--------|--------|
| Renda familiar per cápita | 5.170 | 5.867 | 7.899 |
| PIB por habitante | 7.054 | 8.279 | 11.570 |
| Productividade agraria | 4.956 | 10.681 | 14.343 |
| Productividade non agraria | 30.244 | 30.925 | 30.565 |
| Productividade total | 18.551 | 27.477 | 29.382 |

Fonte: Elaboración propia, según se indica no libro citado na táboa anterior.

Nota: Os datos refírense ó ano 1984 e están expresados en dólares, dacordo coas paridades de poder de compra da OCDE.

GRÁFICO 1

Número de empleos no agrarios por cada mil habitantes




GRÁFICO 2

Poboación activa non agraria e emprego non agrario de Galicia

